

Faro *da* Cultura

Acordanza dun imprescindible

Cen anos de Francisco Fernández del Riego

JOAQUIM VENTURA

Aínda que soe a tópico, Francisco Fernández del Riego cadra coa definición que Bertolt Brecht deu aos que loitan ou teñen un compromiso toda a súa vida. Don Paco foi un imprescindible. E un privilexiado, por ter vivido intensamente en primeira liña a recuperación do galeguismo, se por privilexio consideramos ter que batallar polo que en calquera sociedade europea sería normal e obvio.

Hoxe conmemoramos os cen anos do nacemento, en Vilanova de Lourenzá, de Fernández del Riego. A súa figura e o seu comportamento seguen a admirar cando repasamos ou facemos balance do que foi o século XX para Galicia e a súa cultura. Procurásemos a fronte que fose, sempre atoparíamos a súa presenza: activa, naturalmente. Para calquera galego minimamente interesado pola cultura de seu, Don Paco sempre estivo aí, como se xa formase parte da paisaxe cotiá. Para os que chegamos a ela –á cultura do país– desde a distancia, profundar en tal significa ir de sorpresa en sorpresa, cando atopamos, unha e outra vez, a súa man e o seu esforzo nas máis diversas empresas e proxectos.

Co seu nome –como profesional ou como impulsor–, ou co pseudónimo de Salvador Lorenzana que tantas páxinas deixou na prensa á hora de opinar, dar orientacións ou debater –apaixonadamente, mais coa razón do seu lado– con aqueles que querían limitar a dimensión da cultura galega a pouco máis que un verniz folclórico ou –en senso contrario– facer dela unha aventura. Posiblemente, se Galicia tivese sido unha sociedade normal no pasado século, Francisco Fernández del Riego daría un bo avogado, humanista se queredes, un excelente polemista. Pero as circunstancias –as his-

tóricas de séculos pasados e mais as conxunturais de corenta anos de negación da liberdade e do ser de Galicia– obrigárono ao deber intelectual, un perpiaño da resistencia fronte á desaparición que impuña o pensamento único.

Cando hoxe, e por razóns totalmente alleas á figura de Don Paco, volveu o debate sobre as opcións que adoptaron os galeguistas do interior durante os anos da ditadura, a tarefa de Francisco Fernández del Riego –coa de Ramón Piñeiro, Isla Couto, Álvarez Blázquez, Pousa Antelo e tantos outros– ten unha dimensión que contrasta coa limitación de miras dalgúns políticos actuais, que nunca se sentiron herdeiros –nin quixeron selo, probablemente– daqueles que arriscaron vida e facenda nos duros anos do franquismo.

Se hoxe Galicia segue a ter alma, iso é debido, en boa parte, grazas a aqueles que apostaron polo posibilismo. Inclusive polos que tamén o fixeron por aqueloutro posibilismo levado a ramo desde as propias institucións controladas polo franquismo –caso de Filgueira Valverde– que non sempre tiñan por adversarios os primeiros. Mal que ben, a Real Academia Galega –a única institución existente durante a ditadura entre as das linguas non castelás– era punto de xuntanza duns e doutros e de equilibrio de intereses, nin que fose por cadanseu proveito.

A solidez de criterio de Fernández del Riego manifestouse desde ben mozo, cando non atendeu os cantos de serea de Vicente Risco para que –cando o primeiro lideraba as Mocidades Galeguistas en Compostela– provocase unha escisión a prol dunha opción distinta da previsible Fronte Popular. Circunstancia que nos anos seguintes –o que despois sería o franquismo gobernou Galicia desde xullo de 1936– non conformaría precisamente un aval para el na hora de principiar o seu labor profesional como avogado.

Recente aínda o seu pasamento, un –que non é moi dado ás nostalxias– séntese un tanto orfo e bota de menos –en tempos mediocres como os que, infelizmente, vivimos– o seu exemplo de xenerosidade arreo.



FOTO: ELI REGUEIRA

ARTE: NO CENTENARIO
DE ÁNGEL BOTELLO / PÁX. III



JAZZ GALEGO: ENTREVISTA
CON LUÍS CARBALLO / PÁX. V

TEATRO: XÉNESE E FORTUNA
DO ESPERPENTO / PÁX. VIII